


Entre acordos e desacordos: O Lérez, unha fronteira medieval.

Rocío Sánchez Ameijeiras. USC

Os ríos foron suxeitos, pola súa propia fisicidade, a unha forte simbolización en todas as culturas. Baste recordar topónimos como Río Mao (Loimil, Pontevedra) o Río Mau (Portugal) que implican unha inequívoca connotación negativa, ou o gran Gual-alquivir, o Río Señor, que merece a admiración polo seu rico caudal. Pero os significados simbólicos xeralmente asociados a eles veñen derivados do seu carácter de fronteira natural. Como hai xa tempo advertiu Arnold van Geneep, as fronteiras, en todas as culturas, son lugares simbólicos que separan, pero que ademais invitan a ser atravesados, o poden chegar a converterse en lugares de encontro¹. Nestas breves páxinas tentarei rastrear nalgúns fontes medievais a función fronteiriza que o Lérez –un “río bó”–, desempeñou no pasado.

Como tal fronteira houbo de contar cunha sorte de estrutura defensiva perto da súa desembocadura. Na marxe dereita, o bispado de Iria contaba coa torre de Cedofeita –*Citusfacta*–, documentada por primeira vez no 916, no texto da doazón de Ordoño II ó Mosteiro de Lérez, que debeu ser reparada fortemente en época do bispo

Sisnando (952-968) debido á ameaza dos normandos, que entón asolaban as costas galegas². A comenzo do século XI, nun documento de 1019 no que o rei leonés Alfonso V esclarece ao bispo Vistruario os dereitos da igrexa compostelana, cita entre as súas posesións “*villas que sunt in giro Citofacta et sunt de ecclesiaro, id sunt: Serpenciones, Godegildi, Anserizi, uilla de Fonte, Sancta Maria de Elva, Sancta Maria de Laurenti*”³. A definición do “xiro”, dos territorios daquela baixo a xurisdición de Cedofeita resulta de interés. O “xiro” incluía entón Alba, Guxilde, Cerponzóns, Anseriz?, pero tamén Mourente, á outra beira do río. A vila de Pontevedra debía ser un pequeno asentamento mariñeiro carente de estrutura defensiva de alcance e Cedofeita era, por entón, o centro neuráxico da xeografía defensiva do río. A inicios do século seguinte esta situación non variara moito, pois a *Historia Compostelana* demostra como Xelmírez parecía sentirse a salvo, cando, desde o sur, chegaba a terra de Cedofeita, e, de feito, sentiu unha inclinación especial por Guxilde. Cando decidiu viaxar a Braga para cometer o “pío latrocinio” dos corpos de San Fructuoso, San Silvestre, Santa



Fortaleza da mitra compostelá en Pontevedra.

Detalle dun óleo de García de la Riega (Museo de Pontevedra) As defensas da mitra compostelá.

Susana e San Cucufate, tras lograr atravesar as augas tempestuosas do Miño, calmadas ante a presenza dos sagrados restos, habería de emprender camiño a uña de cabalo contra Compostela, para ganar tempo antes de que os bracareses se percatasen da ausencia dos seus corpos santos. Con todo, permitiuse deterse en Guxilde, unha vez atravesado o Lérez, onde sen dúbida se sentía xa seguro, e desde alí enviou por diante aos seus mensaxeiros para que preparasen coa debida pompa a cerimonia de entrada das reliquias en Compostela⁴. Fora o propio arzobispo quen con anterioridade “había arrancado de mans laicas esa villa regia, y había enviado a sus propios campesinos a poblarla y cultivarla”⁵. O modelo de bispo rexenerador que tingue a primeira parte da *Historia Compostelana* explica esta *topica* restauradora, pero non deixa de ser un feito histórico que mans laicas pretendesen arrebatarlle o territorio.

Xelmírez habería de visitar outra vez Guxilde, no curso dunha importante celebración que tivo lugar na igrexa de San Salvador de Lérez, da que xa se fixo eco Xosé Abilleira Sanmartín nun número anterior desta publicación⁶. E a localización do evento veu determinada, de novo, pola seguridade que supoñía atoparse na marxe dereita do Lérez. Consequindo Xelmírez colocar a homes do seu entorno en dúas diócesis veciñas –o arcediano Hugo como bispo de Porto e o tesoureiro Nuño

Alfonso como prelado mindoniense, o arcebispo de Braga propuxo que a súa consagración se realizase en Tuy, en San Bartolomeu de Rebordáns. Era o lugar a medio camiño entre Compostela e Braga, pero a inestabilidade política, malia que Portugal e Galicia atopábanse entón baixo a mesma coroa, Tui non foi considerado por Xelmírez un lugar seguro. O Miño era atravesado a miúdo por tropas do alén do río, a diocese tudense estendíase ata o Limia, e algún prelado da sede provían de Braga, razóns que o levaron a considerar o Lérez como verdadeira fronteira. Logrou atraer o portugués ata o mosteiro pontevedrés. O arcebispo portugués fíxoo “para tratar máis detidamente con el da desaparición da discordia, do restablecemento da paz e da tranquilidade das igrexas”⁷. O autor da crónica narra como “unha vez celebrada a misa, o bispo da sede apostólica visitou unha finca súa, Guxilde, situada nunha amena paraxe do val xunto ó Lérez, e levou consigo o bispo de Ourense. E na igrexa de Lérez mandou que fosen atendidos cuidadosamente o arcebispo xunto con ámbolos bispos, elevados recentemente á dignidade do episcopado e a outros que apreciaba... naquel mesmo día, deliberando longo tempo, o arcebispo e o bispo de Santiago, trataron do pacto de paz, dos intereses das igrexas e o que pertencía á diocese de Ourense ou á de Tui, sobre o que tiñan desavenencias unha e outra sede”⁸.



Catedral de Tui. O carácter defensivo que adquiriu nos séculos finais da Idade Media debeuse a importancia e fortalecemento do Miño como fronteira

A marxe do río foi, entón, un lugar de acordos entre litixios eclesiásticos, pero poucos anos despois habería de selo, de litixios civís. Ou mellor dito, de encontros e desencontros. Unha vez que Alfonso Enríquez subiu ó trono portugués tras ser proclamado rei polas súas tropas en 1139, e recoñecido como tal polo Emperador Alfonso VII en 1143, concebiu ideas expansionistas e presentou sucesivos enfrontamentos, sobre todo trala morte do Emperador, a división dos reinos, de modo que o reino de León, baixo o dominio de Fernando II quedaba dalgún modo constreñido entre as presións casteláns e as portuguesas. O Lérez foi de novo protagonista de acordos e desacordos. Se encol da vella ponte sobre o Lérez se firmaron o 30 de abril de 1165 as capitulacións matrimoniais entre Fernando II e a filla do portugués Urraca Alfonso⁹, ó pouco tempo as tropas portuguesas atrevéronse a cruzar o río e tomar o castelo de Cedofeita. A lexendaria recuperación do castelo, gañado grazas a axuda milagreira de Santiago, relátase na doazón do mesmo recollida no cartulario compostelá coñecido como *Tumbo A*¹⁰. O texto da doazón permite recoñecer, por un lado, a inestabilidade das propiedades da mitra compostelana con respecto ós reis –cabe recordar os fortes enfrontamentos entre Alfonso VII e Xelmírez por cuestións económicas, ou a lixereza de Fernando II que tivo que chegar a pedir o cabalo prestado debido a súa liberalidade co propio e con o alleo-; e por outro, constátase un cambio na xeografía defensiva en torno as marxes do río. Na doazón faise referencia o “*castellum de Cidofacta per terminos suos noissimos et antiquos cum omni suo realengo et honore et caracterio septem ecclesiarum et cum jurisdictione et reuerentia monasterii Sancti Iohannis de Podio et monasterii Sancti Saluatoris de Lerze, uidelicet: quomodo diuidit per cacumen montis de Custodiis et inde per cacumen montis de Castroue et inde quomodo ferit per saltum de Olidi, et inde per montem de Bazar, et inde per Sanctum Ighanem de Ramo, et inde quomodo diuidit de terra illa Fraga, et inde quomodo intercluditur per flumen Lerce et ferit ibi.*” A pesar de que non se especifican as sete igrexas, e quedan dúbidas sobre se Mourente pertencía aínda a xurisdicción de Cedofeita, en 1170, cando se redacta o documento, a vila de Pontevedra xa adquirira un certo desenvolvemento, de modo que a estratexia defensiva da desembocadura contará con sendos

polos en sendas marxes do río. Na doazón que fai o rei Alfonso IX, o fillo de Fernando II, á sede compostelán, apenas morto seu pai, queda clara a división pois especificase: “*Citofactum*” e “*burgum quod dicitur Ponteueeteri*”¹¹.



Alfonso IX. *Tumbo A* (Arquivo da catedral de Santiago) imaxe que acompaña a confirmación das posesións da mitra compostelá na que se inclúe Cedofeita.

A ameaza portuguesa levou consigo que tanto Fernando II como o seu fillo Alfonso IX tratasen de reforzar as sedes episcopais do sur de Galiza e de asegurar a lealdade dos seus bispos fronte ó monarca portugués, e as xenerosas doazóns reais aos prelados e a contribución á construción nas novas fábricas catedralicias deben ser entendidas nese contexto político¹². Todas estas empresas pretendían reforzar a fronteira natural, ó río rebelde, o Miño. Este fortalecemento deixouse sentir no Lérez, que coñeceu unha vida apracible nos séculos seguintes, ao tempo que as estruturas defensivas concentráronse na próspera vila comerciante e mariñeira, vila amurallada, na que o arcebispo compostelán levantou unha fortificación defensiva. Haberá que esperar até os tempos da revolta irmandiña para que o curso do río estableza de novo unha cesura entre dous mundos, de modo que cada marxe contempla o fronteiro como estrano.

Así o amosan as palabras dunha das testemuñas que foron chamadas a declarar no coñecido coma pleito Tabera-Fonseca, o pleito ordeado polo arcebispo de Santiago e o de Toledo para dilucidar

responsabilidades e avaliar os danos causados durante a revolta irmandiña e a sublevación posterior dos nobres levantiscos, no caso que nos ocupa Pedro Alvarez de Soutomair (Pedro Madruga). Dos duros enfrontamentos que se libraron preto do río foi testemuña Ruy de Fontañá, pescador, veciño do Couto de Lérez, quen recordaba que “siendo ...mochacho pequeno hes acordado que vio andar en la villa de Pontevedra e sus comarcas las gentes comunes della rebuelta e dezian que heran contra los caballeros para defenderse dellos”¹³. Xa de adulto contemplou como os homes do conde de Camiña atacaron as “Torres de Pontevedra”. Así o declaraba: “...dende allí a quatro años tornara el dicho Pedralbares (Pedro Álvarez de Sotomayor) a ganar y ocupar por fuerza la villa de Pontevedra...y pusiera alcalde en las torres de Pontevedra y el dicho Peralbares después de así la haber tomado y dexado su gente en ella dize que fuera a Portugal a ponerse con el rey de Portugal ..y en este comedio los vezinos de la dicha villa de Pontevedra enbiaran decir al dicho señor Patriarca de Santiago que si el les daba fabor y ayuda que le entregarian la dicha villa y luego al dicho señor Patriarca biniera en persona y traxiera mucha gente de caballo y de pie y entrara en la villa y obiera una escaramuza...en el qual conbate dize que fuera muerto Tristan de Montenegro que era capitán del dicho Patriarca e moriera gente de una parte a otra e así hiziera tanto el dicho patriarca hasta que ganara las torres y echara fuera de la dicha villa la gente del dicho conde de Camiña”¹⁴. Nada di o veciño de Lérez nin as restantes testemuñas do Castelo de Cedofeita. ¿Caira xa na revolta Irmandiña? Aínda que o Padre Sarmiento acertou a ver parte dos seus restos, ¿a que obedece o

silencio sobre esta fortaleza no célebre preito? Tampouco Vasco Daponte, quen relata os mesmos acontecementos, dá conta da fortaleza á outra beira do Lérez. Cando describe a sublevación de don Pedro sinala :“Y con su favor (do rei de Portugal) se apoderó este conde en la ciudad de Tuy que era del obispo, y tomó a Bayona a la corona real de Castilla, y tomó al arzobispo la villa de Pontevedra, y la villa de Padrón, y las otras tres villas de Redondela, Vigo, y Caldas, y tomole la fortaleza de Castro de Montes...”¹⁵.

Da descrición de Daponte obsérvase un maior interese estratéxico polas vilas que polas fortalezas, e quizais isto traducíuse no abandono de Cedofeita, pois o relevo da defensa tomárona as “Torres de Pontevedra”. Malparadas quedaron despois da contenda a xuzgar polo informe que sobre as reparacións emitiron os célebres arquitectos Juan de Álva e Juan Gil de Hontañón: de entre os destrozos que consignan, ademais dos tellados de todas as torres, sinalan que “la torre que esta delante de la puerta que le falta arriba sesenta varas de perpiños...” e “que faltan diez puertas y ventanas de madera”; que “la torre pequeña que esta al cavo de la sala grande una puerta de piedra desvaratada de los golpes que ovo de los trabucos”, ademais de “dez e seis almenas”; no “aposiento de la sala grande siete tapias de Syllaria para dentro y para fuera”, e atoparon “el horno devaratado”, na escalera principal “cinco pasos quebrados”, e “que faltaba un maynes (mainel) de piedra en el segundo suelo de la torre de omenaje en una ventana que derroca un trabuco”¹⁶. As torres de Pontevedra reparáranse, pero que foi da defensa da marxe dereita do río?

1 A. van Gennep, *The Rites of Passage*, Tr. M. B. Vizedom y G. L. Caffee, Chicago, 1960 (London, 1909). Un capítulo importante da obra foi reimpresso en *Death, Mourning and Burial. A Cross-Cultural Reader*, A. C. G. M. Robben ed., Oxford, 2004, pp 213-223.

2 Xosé Abilleira Sanmartín, “O Castellum de Citofacta en Lérez. Uns comentarios sobre a súa documentación”, *Cedofeita* 3 (1999) cita o documento do mosteiro de Lérez a partir da obra do Padre Yepes, *Crónica General de la Orden de San Benito*, 1611 “ad petram scriptam, que est in muro de Citifacta”. Pregúntome si a transcripción de Yepes é fiable, sobre todo no relativo ó termino muro. Puido confundir “muro” con “giro”, que é o término o que se fai referencia en todos os documentos posteriores. Isto non contradi o feito de que daquela debía existir unha sorte de estrutura defensiva.

3 *Tumbo A de la catedral de Santiago*, Manuel Lucas Álvarez ed., Santiago, 1998, pp. 146-149, esp. p. 148.

4 *Historia Compostelana*, XV.4, E. Falque Rey ed., Madrid, 1994, p. 98.

5 *(Historia Compostelana XXI, ed. cit., p. 117.*

6 Xosé Abilleira Sanmartín “Un texto do século XII sobre a presenza do bispo Xelmírez en Lérez”, *Cedofeita* 7 (2003).

7 *Historia Compostelana*, I. 82...1, ed. cit. pp. 198.

8 *Historia Compostelana*, I.82...3, ed. cit. pp. 198-199. Unha tradución galega do texto completo da *Historia Compostellana* sobre o concilio de Poio en Abilleira Sanmartín “Un texto”

9 Julio González Regenta de Fernando II, pp. 67-68; idem, Alfonso IX, Madrid, 1944, pp. 16-17.

10 *Tumbo A de la catedral de Santiago*, Manuel Lucas Álvarez ed., Santiago, 1998, pp 250-251. Tamén recollida en González, *Fernando II*, p. 406. Máis noticias sobre o relato en Abilleira Sanmartín, “O Castellum de Citofacta”, *passim*.

11 *Tumbo A de la catedral de Santiago*, Manuel Lucas Álvarez ed., Santiago, 1998, p. 283.

12 M. Á. Fernández Casal, “Relaciones de poder monarquía-iglesia en la época medieval: las concesiones regias de cotos a la catedral de Orense (s. XII-XIII)”, *Minus*, nº 4 (1995), pp. 71-88; y F. J. Pérez Rodríguez, “La diócesis de Orense: de la Reforma Gregoriana al Concilio de Trento (siglos XII-XVI)”, en *Iglesia de Lugo, Mondoñedo-Ferrol y Orense*, J. García Oro coord., Madrid, 2002, pp. 395-470.

13 A. Rodríguez González, *Las Fortalezas de la Mitra compostelana y los “Irmandiños”. Pleito Tabera-Fonseca*, La Coruña, 1984, p. 393-393.

14 Rodríguez González, *Las Fortalezas de la Mitra compostelana*, pp. 397-398.

15 Vasco Daponte, *Recuento de las casas antiguas del reino de Galicia*, Santiago de Compostela, 1986, pp. 229-230

16 Rodríguez González, *Las Fortalezas de la Mitra compostelana*, pp 589-592.